

## #Gondomar : As “Conversas coa veciñanza” do Manifesto Miñor percorren Vilaza e Chain

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 19 Maio 2015 17:57

---



Este martes 19 de maio, ás 20.30 no Centro Cultural de Vilaza terán lugar as "Conversas coa Veciñanza" que desenvolve o Manifesto Miñor nas parroquias de Gondomar. Antonio Arauxo, candidato a alcalde, "responderá a tódalas preguntas das persoas presentes". Mañá, mércores 20 de maio, ás 20.30 será no Centro Cultural de Chain

Estas conversas xa se viñeron realizando en Couso, Borreiros, Vincios, Peitieiros, Morgadáns, Vilas, Prado, San Cibrán, Donas e Couso, "e están acadando unha ampla participación", sinalan dende a formación.

As conversas coa veciñanza" teñen como obxectivo achegar os candidatos do Manifesto Miñor á veciñanza e enmarcáanse dentro da filosofía da plataforma de facer concellos accesibles e onde sexan os veciños e veciñas os que tomen as decisións".